



**INFORME 2016-2017 DE RESULTADOS DO  
SISTEMA DE GARANTÍA INTERNO DE CALIDADE  
Comisión de Estratexia e Calidade**

**Contidos**

1. REUNIÓNS DA COMISIÓN DE ESTRATEXIA E CALIDADE (CEC)
2. ASUNTOS TRATADOS NAS REUNIÓNS
  - 2.1. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade do centro: revisión, análise de resultados e aprobación do Informe Anual
  - 2.2. Acreditación das titulacións leccionadas no centro
  - 2.3. Xestión de suxestións, preguntas, felicitacións e queixas
  - 2.4. Protocolo de adscrición do estudantado internacional a grupos de docencia
  - 2.5. Protocolo de admisión de estudantado internacional proveniente doutros centros da UDC
3. ANEXOS
  - Anexo I. Informe Anual de Resultados do SGIC do curso 2016-2017
  - Anexo II. Informe final de preguntas, reclamacións, suxestións e felicitacións do curso 2015-2016
  - Anexo III. Protocolo para a adscrición do estudantado internacional a grupos de docencia
  - Anexo IV. Informe sobre a adecuación do recoñecemento de créditos para as titulacións ofertadas no centro durante o curso 2015-2016
  - Anexo V. Informe final de preguntas, queixas, suxestións e felicitacións do curso 2016-2017
  - Anexo VI. Planos de mellora e alegacións en resposta aos informes provisorios de avaliación para a acreditación dos tres Graos do centro, o Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade e o Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada



## 1. REUNIÓNS DA COMISIÓN DE ESTRATEXIA E CALIDADE

A Comisión de Estratexia e Calidade da Facultade de Filoloxía reúnese regularmente de forma a:

- realizar o seguimento dos planos de mellora das titulacións que se imparten no centro e a elaboración dunha memoria anual sobre o grao de execución e de satisfacción dos planos de mellora
- coordinar e promover accións correctoras que estean destinadas a mellorar a calidade da docencia
- elaborar e realizar o seguimento de calquera informe de avaliación da calidade que se lle solicite ao centro
- elaborar unha proposta dos planos estratéxicos que correspondan á Facultade
- promover relacións cos axentes sociais e económicos que redunden na mellora das titulacións e na inserción laboral dos egresados
- elaborar propostas sobre futuros estudos
- informar e realizar o seguimento dos programas académicos de mobilidade e de intercambio
- elaborar e realizar o seguimento dos planos de captación de alumnado para as titulacións leccionadas na facultade

Durante o curso 2016-2017, a Comisión de Estratexia e Calidade celebrou cinco reunións ordinarias, nas datas e coas ordes do día que se recollen a seguir:

### **30.09.2016 - Orde do día**

1. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior
2. Informe da Sra. Decana
3. Aprobación, se proceder, do *Informe final sobre preguntas, reclamacións, suxestións e felicitacións* do curso 2015-2016
4. Aprobación, se proceder, da última parte do *Informe de análise de resultados do SGIC* no curso 2015-2016
5. Suxestións e preguntas

### **13.12.2016 - Orde do día**

1. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior
2. Informe da Sra. Decana
3. Reflexión sobre as etapas pendentes e os axentes implicados no proceso de renovación da acreditación dos títulos do centro
4. Aprobación, se proceder, da revisión de criterios de admisión de estudantado internacional proveniente doutros centros da UDC



5. Análise dos resultados dos inquéritos de avaliación da docencia
6. Aprobación, se proceder, do informe sobre a adecuación do recoñemento de créditos para as titulacións ofertadas no centro
7. Asuntos varios
8. Suxestións e preguntas

**30.01.2017 - Orde do día**

1. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior
2. Informe da Sra. Decana
3. Aprobación, se proceder, dos autoinformes de reacreditación dos títulos de grao e de mestrado ofertados na facultade
4. Asuntos varios
5. Suxestións e preguntas

**01.06.2017 - Orde do día**

1. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior
2. Informe da Sra. Decana
3. Aprobación dos planos de mellora e alegacións en resposta aos informes provisorios de avaliación para a renovación da acreditación dos tres Graos do centro, do Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade e do Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada
4. Suxestións e preguntas

**11.07.2017 - Orde do día**

1. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior
2. Informe da Sra. Decana
3. Aprobación, se proceder, do *Informe final sobre preguntas, reclamacións, suxestións e parabéns* do curso 2016-2017
4. *Informe da Análise de resultados do SGIC* do curso 2016-2017 (primeira parte)
5. Asuntos varios
6. Sucesións e preguntas



## 2. ASUNTOS TRATADOS NAS REUNIÓNS

### 2.1. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade do centro: revisión, análise de resultados e aprobación do Informe anual

No procedemento PM01 do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) da Facultade de Filoloxía recóllese que a Comisión de Estratexia e Calidade (CEC) do centro analizará anualmente de forma sistemática toda a información derivada de cada un dos procedementos definidos no SGIC, dando especial relevancia na súa análise aos datos relativos a necesidades, expectativas e satisfacción dos diferentes grupos de interese do centro (PA03), aos resultados académicos (PC11) e á inserción laboral (PC13).

Como resultado desta análise a Comisión poderá propor a modificación dalgún dos procedementos que integran o SGIC.

Debido á cantidade de indicadores que é preciso analizar e ao acceso escalonado aos valores dos mesmos, a CEC realiza a análise por partes. Así, na reunión de 30 de setembro de 2016 efectuou a última parte do *Informe de análises de resultados* do curso 2015-2016 e iniciou a revisión dos resultados do curso 2016-2017 na sesión do 11 de xullo de 2017, ficando a conclusión da análise para as primeiras reunións do curso 2017-2018.

### 2.2. Acreditación das titulacións leccionadas no centro

No ciclo de calidade das titulacións, aos graos e mestrados da Facultade de Filoloxía compríalles acreditarse para iniciar un novo período de vida. Neste sentido, a Comisión de Estratexia e Calidade envolveu todos os grupos de interese na preparación deste proceso, nomeadamente as audiencias da subcomisión avaliadora, e aprobou os autoinformes de acreditación dos títulos.

Após a recepción dos informes provisorios de avaliación para a renovación da acreditación dos títulos dos que o centro é responsábel administrativa –os tres graos, o Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade e o Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada-, aprobou igualmente os planos de mellora derivados destes informes e as alegacións ás recomendacións presentadas pola ACSUG.

### 2.3. Xestión de suxestións, preguntas, parabéns e queixas

Segundo se recolle no procedemento PA04 “Xestión de incidencias, reclamacións e suxestións”, o Vicedecano de Calidade elaborou o Informe Final 2015-2016 sobre Preguntas, Queixas, Suxestións e Parabéns recibidas no curso. Este informe foi aprobado pola Comisión de Estratexia e Calidade na reunión celebrada en 30 de setembro de 2016.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Filoloxía

O Informe final de suxestións, preguntas, queixas e parabéns do curso 2016-2017 sofreu un proceso similar e foi aprobado pola Comisión de Estratexia e Calidade na súa reunión de 11 de xullo de 2017.

#### **2.4. Planificación da recepción de estudiantado internacional**

A Comisión de Relacións Internacionais redixiu sendas propostas sobre os criterios de admisión de estudiantado internacional proveniente doutros centros da UDC e a adscrición do todo o alumnado *incoming* aos grupos de docencia establecidos para cada curso. Os dous textos foron presentados á Comisión de Estratexia e Calidade, que os aprobou na súa reunión de 13 de decembro de 2016.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Filoloxía

## **Anexo I**



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Filoloxía

## **Anexo II**



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Filoloxía

## **Anexo III**





UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Filoloxía

## **Anexo IV**



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Filoloxía

## **Anexo V**



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Filoloxía

## **Anexo VI**